

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria**. A primeira sen apartados optativos; as demais con posibilidade de elección entre apartados.

**PREGUNTA 1. CREACIÓN DE TEXTOS. (2,5 puntos)**

**Elabore unha escena partindo da seguinte noticia periodística:**

*A misteriosa maleta con máis de 60.000 euros e unha nota anónima que recibiu un hospital de Barcelona*

Os Mossos investigan o suceso ocorrido no centro Sant Antoni Abat de Vilanova i a Geltrú. No interior da valixa había un papel coa palabra "doazón"

BERNAT COLL, Barcelona - 25 ABR 2023

No hospital Sant Antoni Abat de Vilanova i a Geltrú (Barcelona) ninguén se explica o que ocorreu o xoves 20 de abril pola noite. Un home entregou ao persoal do centro unha maleta, en cuxo interior había máis de 60.000 euros e un papel cunha palabra escrita: "Doazón". Os profesionais notificaron á dirección do centro o suceso, e comunicoulles aos Mossos d'Esquadra, que investigan a orixe e os motivos da entrega. Do doador non se sabe nada máis, segundo confirma o centro, integrado no Consorci Sanitari de l'Alt Penedès i o Garraf da rede pública catalana.

O maletín atópase actualmente custodiado nun xulgado e o xuíz determinará cal é o percorrido da doazón tras intentar determinar quen entregou a maleta. Tras as primeiras exploracións, fontes policiais aseguran que a orixe parece "limpo", aínda que non concretan canto tempo poden necesitar para desbloquear o diñeiro.

*(El País, 25/04/2023)*

**PREGUNTA 2. SABERES BÁSICOS. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

**2.1.** Con exemplos de obras vistas ou lidas en clase, amose o significado dos seguintes termos teatrais: a) comedia; b) trama. **(2,5 puntos)**

**2.2.** Con exemplos de obras vistas ou lidas en clase, amose e desenvolva a función do protagonista e do antagonista nunha obra dramática. **(2,5 puntos)**

**PREGUNTA 3. EXPRESIÓN DO CRITERIO PERSOAL. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

**3.1.** Comente e valore a seguinte frase de Federico García Lorca: "O teatro é a poesía que se sae do libro e se fai humana. E ao facerse, fala e grita, chora e desespera." [Obras Completas, 4ª ed., Aguilar, Madrid, 1960, pp. 1757; declaración feita en 1936]. **(2,5 puntos)**

**3.2.** Jorge Dubatti (2015) en «Convivio e tecnovivio: o teatro entre infancia e babelismo» (*Revista Colombiana de Artes Escénicas*, 9, p. 44) sinala «Chamamos convivio teatral á reunión de artistas, técnicos e espectadores nunha encrucillada territorial e temporal cotiá (unha sala, a rúa, un bar, unha casa, etc., no tempo presente), sen mediación tecnolóxica que permita a resta territorial dos corpos no encontro. En tanto que acontecemento, o teatro é algo que existe mentres sucede, e en tanto que cultura vivente non admite captura ou cristalización en formatos tecnolóxicos». Comente de forma crítica o significado deste fragmento e realice unha valoración persoal. **(2,5 puntos)**

**PREGUNTA 4. INTERPRETACIÓN DE OBRAS TEATRAIS. (2,5 puntos)**

**Responda un destes dous apartados:**

**4.1.** Comente e analice a función do Coro e do Corifeo no seguinte fragmento de *Edipo Rei*. **(2,5 puntos)**

**4.2.** Realice o comentario do seguinte fragmento de *Edipo Rei* (resumo da escena, análise do contido, personaxes, análise da forma e valoración crítica persoal). **(2,5 puntos)**

(Ábrense as portas do palacio e aparece Edipo coa cara ensanguentada, andando ás tentas)

CORO. *¡Oh sufrimento terrible de contemplar!*

*¡Oh o máis espantoso co que batín!*

*¿Que tolemia, infeliz, te acometeu?*

*¿Que deidade saltou sobre ti,*

*con brinco maior cós máis longos*

*para engadirse ó teu destino infortunado?*

*¡Ai, ai, desgraciado! Nin contemplarte podo,*

*malia querer facerche mil preguntas,*

*saber mil cousas e observarte moito tempo.*

*¡Tal é o espanto que me infundes!*

EDIPO. *¡Ai, ai, malpocado de min!*

*¿A que terra irei na miña dor?*

*¿Cara onde voa a miña voz arroutadamente?*

*¡Ai, destino! ¿Cara onde te precipitaches?*

CORIFEIO. *Cara un desastre terrible que non se pode nin contemplar nin escoitar.*

ESTROFA 1ª

EDIPO. *¡Oh nube da miña escuridade que me illas,*

*abatida sobre min,*

*de feito inefable, inflexible, irremediable!*

*¡Ai!, ¡Ai, unha vez máis!*

*¡Como me penetran, ó mesmo tempo, as picadas*

*destes aguillóns e o recordo dos meus males!*

CORIFEIO. *Non é estraño que nestas penas te laies e soportes dobres desgracias.*

ANTÍSTROFA 1ª

EDIPO.—*¡Oh, amigo!, ti e-lo*

*meu único servidor leal,*

*pois aínda te encargas*

*de coidarme na miña cegueira.*

*¡Ai, ai!, non me pasas inadvertido.*

*Aínda estando entre tebras,*

*recoñezo alomenos a túa voz.*

CORIFEIO. *¡Ai, ti que cometiches terribles accións! ¿Como tiveches corazón para destruír de tal xeito a túa vista? ¿Que divindade te impulsou?*

ESTROFA 2ª

EDIPO.— *De Apolo é obra isto, amigos. Apolo foi o que fixo cumprirse en min estes tremendos infortunios.*

*Pero ningún, senón eu mesmo, desgraciado,*

*os feriu coa súa man .*

*Pois ¿que me quedaba a min por ver, xa que,*

*aínda que vise, nada agradable me quedaba por contemplar?*

CORO. *En verdade é así, como ti dis.*